



Galicia

LOITA polo TEU

ÚNETE

UGT RECLAMA UN CRECEMENTO REAL DOS SALARIOS QUE DINAMICE A ECONOMÍA

O dato de IPC é o reflexo dunha situación de debilidade e incerteza

Redacción.- UGT considera que os datos do IPC (-0,8% interanual) reflicten unha situación económica débil, de baixo consumo que obedece ás dificultades das familias, produto á súa vez do desemprego, dunha cada vez peor cobertura dos desempregados e dunha política baseada na desvalorización salarial e a creación de emprego precario e sen dereitos, ambas consecuencia das reformas laborais.

Para UGT, é urxente reorientar as políticas económicas con medidas que implementen o emprego de calidade e con dereitos e o aumento real dos salarios no noso país, co fin de impulsar a demanda interna e o consumo. Un modelo que incorpore un ambicioso plan de investimentos, baseado en máis innovación e industria, que aumente a produtividade das empresas; que reformule os prazos de consolidación fiscal e que reforme a política fiscal e orzamentaria co obxectivo de promover o crecemento real da economía.

A pesar de que a taxa mensual situouse en positivo, o 0,6%, un punto por encima da rexistrada en febreiro, (-0,4%), a taxa anual segue en negativo, manténdose no -0,8%, o que reflicte un claro síntoma do fráxil crecemento da economía, baseado nun modelo esgotado, enormemente dependente de actividades estacionais e do ciclo económico internacional. Un modelo baseado en políticas que favorecen a desigualdade social, o emprego precario e estacional e os baixos salarios.

A inflación subxacente, que mide a variación xeral de prezos descontando os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, aumenta unha décima e sitúase no 1,1%, case dous puntos por encima do IPC xeral, alcanzando a maior diferenza desde xullo de 2009.

Pola súa banda, no mes de febreiro a taxa de variación anual do IPC Harmonizado (IPCA) mantense en -1,0%. Deste xeito, o IPCA de España sitúase nove décimas por baixo da taxa media da eurozona, que cae ata o -0,1%, segundo o dato



provisional. Isto tradúcese en que España leva 30 meses consecutivos rexistrando taxas de variación do IPC inferiores ás da eurozona.

O IPC en España está determinado polos prezos da enerxía e do petróleo, que experimentou un continuo descenso desde setembro do 2015, debido á expectativa de que os países produtores seguirán aumentando a súa produción nun contexto de menor consumo, dada a fragilidade do crecemento mundial, tal e como apuntou estes días o FMI, que sinala ademais a máis que probable posibilidade de que a inflación siga caendo na maioría dos países debido ás caídas dos prezos das materias primas e á debilidade das manufacturas mundiais.

Neste sentido, o FMI alerta sobre os riscos para a economía e a posibilidade de descarrilamento do crecemento mundial, de maneira que rebaixou as súas previsións tanto para 2016 como para 2017.

En países como España, onde a taxa de inflación está en caída libre e moi por baixo das previsións das institucións europeas, a política monetaria expansiva do BCE debe ir acompañada de políticas fiscais expansivas que teñan un só obxectivo: promover o crecemento.

Urxe que este crecemento chegue ás familias e aos traballadores, posto que a día de hoxe a crise segue enquistada no noso país, debido ás políticas do goberno e as reformas impostas ao longo destes anos, que consolidaron un modelo produtivo in-

compatible co progreso social e a igualdade, mesmo coa propia estabilidade macroeconómica, tal e como poñen de manifesto os datos.

As políticas impostas no noso país caracterizáronse por un enfraquecemento da estrutura económica e unha crecente desigualdade social. Ademais hoxe existe a ameaza dunha terceira recesión, pero nun escenario con menos industria, menos emprego e de peor calidade, e si hai marxe para aumentar a débeda pública. Porque a reforma laboral, xunto aos recortes no gasto público e medidas fiscais e laborais erróneas empobreceron ano tras ano aos traballadores e ao conxunto da poboación.

Porque a economía funciona mellor cando funciona para todos. E isto en España pasa ademais por crear bos empregos e buscar fórmulas para revitalizar o sector industrial no noso país, para mellorar a innovación das empresas e aumentar a súa produtividade. Fórmulas que deben ir enmarcadas no desenvolvemento de políticas de distribución, nas que a negociación colectiva, que é onde se xesta a distribución primaria da riqueza, teña un papel fundamental.

Neste sentido, urxe un cambio da política de rendas, para poder revitalizar a demanda interna (e con ela o crecemento), incrementando o poder adquisitivo dos empregados públicos e os pensionistas, e garantindo ganancias de poder adquisitivo aos traballadores no sector privado, no marco do III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2015-2017.

UGT RECLAMA UN ACORDO QUE POÑA FIN Á PARÁLISE POLÍTICA E INSTITUCIONAL

Redacción.- As confederacións sindicais Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras reclaman ás organizacións políticas os esforzos necesarios para alcanzar un acordo que evite a celebración de novas eleccións xerais, poña fin á parálise política na que nos atopamos e abra paso ao auténtico proceso de rexeneración da vida pública española, dando prioridade aos intereses da cidadanía e os graves problemas de emprego e desigualdade que lles afectan.

Cumpridos máis de tres meses desde a celebración das eleccións xerais, o sistema democrático e as institucións que o integran deben estar á altura das decisións expresadas polo pobo español nas eleccións, ao conformar unha representación parlamentaria heteroxénea e plural pero marcada claramente cara ás políticas progresistas e de cambio.

A convocatoria de novas eleccións supoñería prolongar a situación de parálise na que nos atopamos ata completar practicamente un ano e sen ningún tipo de garantías respecto de que a celebración de novas eleccións derive nunha representación parlamentaria máis favorable ás políticas progresistas.

Tras oito longos anos de crise económica e de reformas lesivas para o emprego, os servizos e prestacións públicas, a protección social e as liberdades, as traballadoras e traballadores non podemos resig-

“É posible e necesario un goberno do cambio: repetir as eleccións non é a solución”

UGT participa na declaración: “É posible e necesario un goberno do cambio: repetir as eleccións non é a solución”, que se celebrou esta semana, no Círculo de Belas Artes de Madrid e na que participaron diferentes representantes dos sindicatos, da cultura, da comunicación e da sociedade civil en xeral.

Neste manifesto, presentado por Nicolás Sartorius, trasládase que aínda hai tempo para que as forzas políticas do cambio cheguen a un acordo e que hai contidos para logralo.

A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social, M^a Carmen Barrera afirmou que este manifesto “é unha chamada de atención”, serve para pedir unha vez máis aos políticos que alcancen un acordo para buscar solucións aos problemas máis perentorios e urxentes que teñen os cidadáns deste país. Barrera solicitou “un Goberno firme para dar resposta a eses problemas”.

Neste sentido, dixo que “fálase pouco do mal que o están pasando os traballadores e que se chegou a esta situación polas políticas que practicou o Goberno do PP, en materia laboral, en materia de desemprego. Por iso, hai que evitar que este Goberno continúe con estas políticas”.

Entre as 100 persoas que xa asinaron este manifesto figuran: por parte de UGT, M^a Carmen Barrera e Frederic Monel; por parte de Comisións Obreiras, José Campos e Fernando Lezcano; os xornalistas, Soledad Gallego e Joaquín Estefanía e os catedráticos, Diego López Garrido, Francisco Aldecoa e Gregorio Cámara.

namos a que a vida política do noso país estea sumida no bloqueo e intereses partidistas, cando o que necesitamos é imprimir un novo rumbo á política económica para crear emprego digno, recuperar os servizos e prestacións públicas e rexenerar a vida política.

UGT e CCOO mantemos a confianza no sistema democrático e na súa capacidade para abrir espazos á negociación honesta e responsable entre as organizacións políticas, centrada en dar resposta ás prioridades da cidadanía.

ORGANIZACIÓNS SINDICAIS, POLÍTICAS E SOCIAIS PREPARAN UN CALENDARIO DE ACCIÓNS POLA CRISE DOS REFUXIADOS

Redacción.- Organizacións sindicais, políticas e sociais reuníronse para analizar a situación da crise de refuxiados e preparar un calendario de accións a realizar e que culminará na semana do 20 de xuño, data na que se celebra o Día Internacional do Refuxiado.

Os participantes puxeron de manifesto o seu rexeitamento á actuación da Unión Europea e da Comisión Europea nesta materia, que pon de relevo o distanciamento dos gobernantes europeos cos cidadáns e a súa repulsa por feitos como os ocorridos en Idomeni, na fronteira de Grecia con Macedonia, onde volveron a lanzar gases lacrimóxenos contra os refuxiados. Neste sentido, realizaron un chamamento para protexer ás persoas.



A CRISE E A REFORMA LABORAL DO PP AUMENTARON A BRECHA SALARIAL

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, manifestou que en "estes anos de crise, unido á reforma laboral do Partido Popular, aumentou a brecha salarial entre homes e mulleres", unha secuela que hai que combater non só desde o establecemento dunha lei pola igualdade salarial, senón a través da negociación colectiva e desde o compromiso de todos. Neste sentido, afirmou que é preciso un cambio na cultura empresarial.

Antoñanzas, que fixo estas declaracións previamente á reunión que mantiveron UGT, CCOO e diversas organizacións de mulleres co Grupo Parlamentario Socialista, destacou que UGT é pioneira na loita contra a brecha salarial e que todos os anos, o 22 de febreiro, o Sindicato fai un Informe sobre esta materia. Nos mesmos constátase que a brecha salarial aumentou desde 2010.

A vicesecretaria xeral de UGT de-

nunciou que "non pode ser" que un home e unha muller ocupando un traballo do mesmo valor teñan distintos salarios, que os empregos precarios estean ocupados maioritariamente por mulleres ou que os contratos a tempo parcial non elixidos tamén afecten, sobre todo, ás mulleres.

Afirmou que hai que cambiar esta situación e que eses cambios "é un labor de todos", de homes e mulleres.

Respecto do seu cargo como vicesecretaria xeral de UGT, Antoñanzas declarou que se poderá falar de igualdade cando deixe de ser noticia que unha muller ocupa un cargo de responsabilidade.



Antoñanzas, que agradeceu a iniciativa do PSOE de convocar esta reunión, "porque hai que empezar a traballar todos xuntos".

Ademais de Cristina Antoñanzas, por parte de UGT asistiron a este encontro a secretaria confederal, Isabel Araque, e a responsable do Departamento da Muller, Elisa García.

UGT RECLAMA UN MODELO DE CONCERTACIÓN LABORAL MÁIS EFICAZ

Reivindica poñer en valor o Diálogo Social como pilar fundamental do modelo social europeo

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, reclamou un modelo de relacións laborais como "un instrumento de concertación centralizada, estruturada e creadora das mellores e máis eficaces relacións laborais".

Mari Carmen Barrera realizou estas declaracións durante as xornadas no Senado da Fundación Pablo Iglesias sobre o modelo europeo de relacións laborais, onde sinalou que o modelo que impuxo o Goberno do PP, coas súas políticas de austeridade e a súa reforma laboral, "pode dicirse que derivou cara á flexiprecariedade, porque rompeu os equilibrios entre flexibilidade e seguridade e fomentou o emprego precario e sen dereitos, os baixos salarios e a desigualdade". Ademais, "vulnerou normas comunitarias e internacionais".

"A pesar desta política, que rompeu os equilibrios entre as organizacións sindicais e as empresariais, de novo os interlocutores sociais seguimos e seguiremos loitando por crear as mellores condicións nas empresas para propiciar unha maior creación de emprego de calidade, estable e con dereitos".

O Diálogo Social, un alicerce fundamental do modelo social europeo

Mari Carmen Barrera afirmou que "un alicerce fundamental do modelo social europeo é o Diálogo Social, que se converteu nun gran solventador de consecuencias moi prexudiciais para os traballadores durante a crise que padecemos".

Neste sentido, sinalou que "as relacións laborais en Europa, e os seus representantes, demostraron a súa fortaleza á hora de mitigar a crise".

"O Diálogo Social a nivel europeo foi cualificado por numerosos expertos como o proceso clave das relacións laborais europeas, conduciu a respostas innovadoras en moitos Estados e moitas empresas víronse beneficiadas por esta ferramenta para absorber o impacto da recesión".

"Contribuíu a definir as normas sociais europeas e desempeña un papel esencial na Gobernanza da Unión". Neste sentido, este diálogo conduciu á "adopción de máis de 300 textos conxuntos, ademais dun gran número de proxectos transnacionais".

A pesar diso, a Comisión Europea, en 2013, "fixo un ataque sen precedentes a esta

ferramenta, poñendo en cuestión o papel dos interlocutores sociais, o que deu o pistoletazo de saída ás políticas de austeridade".

O Diálogo Social bipartito, por encima do tripartito nos últimos anos

"É neste momento", considera Barrera, "cando o Diálogo Social cambia no noso país, chegando a unha etapa convulsa nas relacións co Goberno onde, paradoxicamente, as relacións entre os interlocutores sociais estreitáronse máis aínda".

"Neste período asínanse varios Acordos para o Emprego e a Negociación Colectiva que, a pesar de verse prexudicados pola reforma laboral de 2012, sentou as bases para fortalecer unha estratexia de emprego para os colectivos máis prexudicados pola crise, como os mozos ou os traballadores de máis idade, amortecer a desigualdade provocada polas políticas do Goberno e posibilitar que a crise non recaia exclusivamente sobre os traballadores".

Desta forma, Barrera considerou que o Diálogo Social bipartito "deu mostras da súa madurez nunha época na que o Diálogo Social a nivel institucional está en dúbida pola súa escasa chamada por parte do Goberno".

AS POLÍTICAS DO GOBERNO SITUAN AOS TRABALLADORES NA MÁIS EXTREMA POBREZA

Redacción.- UGT denuncia que dous millóns de persoas en desemprego non perciben ningunha prestación, case un 10% máis que o ano anterior. O empeoramento da calidade do emprego, debido ás reformas laborais, está a provocar unha redución da contía das prestacións e un acortamento nos períodos de percepción.

Ademais, os sucesivos cambios regulamentarios do Goberno fan que se endurezan as condicións de acceso a estas prestacións, producindo que moitos desempregados estean ás portas da pobreza. Por iso, UGT demanda ao Goberno que cumpra cos programas que el mesmo presentou, facilite o acceso e a protección aos desempregados e convoque aos interlocutores sociais para avaliar e dar seguimento aos devanditos programas, co fin de aumentar o seu alcance e cobertura.

O empeoramento da calidade do emprego causado polas reformas laborais, visible na elevada presenza da temporalidade na contratación, o avance da parcialidade involuntaria e a desvalorización salarial, están provocado unha redución da contía das prestacións por desemprego e un acortamento nos períodos de percepción.

A cobertura é cada vez menor, debido ao endurecemento das condicións de acceso, que provocou que tanto o número de beneficiarios de prestacións como as contías vaia descendendo ano a ano.

Dous millóns de persoas en desemprego non perciben ningunha prestación, case un 10% máis que o ano anterior. Isto é o que reflicte unha taxa de cobertura que non chega ao 55%, e cae mes a mes, sen que o Goberno decida poñerlle freo. Un volume que aumenta se se considera ás persoas que, sen emprego, non están inscritas nos Servizos Públicos de Emprego. Con datos da EPA, máis de 2,6 millóns de parados non reciben prestacións por desemprego.



Ademais das reformas laborais, destacan os sucesivos cambios regulamentarios do Goberno, que están a endurecer as condicións de acceso a estas prestacións. As modificacións levadas a cabo polo Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Esta norma reduciu a contía da prestación por desemprego, suprimiu a redución que se aplicaba na cotización a cargo do traballador desempregado, endureceu o requisito de carencia de rendas e eliminou o subsidio de desemprego para maiores de 52, que pasou a ser para maiores de 55 anos.

Así mesmo, en agosto de 2012, a prórroga do PREPARA sufriu un endurecemento dos criterios, que levou a reducir o alcance deste programa. Ademais, a partir do 1 de xaneiro de 2014, eliminouse a reposición de prestacións por desemprego á que tiñan dereito os traballadores aos que se suspendeu o seu contrato de traballo ou reducido a súa xornada como consecuencia dun procedemento de despedimento colectivo ou un procedemento de regulación temporal de emprego.

A calidade da protección mostra un empeoramento, cun avance do peso das prestacións non contributivas -que xa supoñen máis do 60% do total- fronte ás contributivas, e que mostran unha evolución ascen-

dente.

Indicadores que evidencian o grave problema de paro de longa duración que se está agudizando no noso mercado de traballo, e que lonxe de ser unha preocupación para o Goberno, preséntase como un éxito orzamentario: o gasto en prestacións caeu un 10% en tan só un ano, un feito que provocou que o Servizo Público de Emprego peche o pasado exercicio cun superávit superior a 5,5 millóns de euros (datos de avance).

En relación ao Programa de Activación para o Emprego (PAE), o remanente destinado á axuda de 426 euros situouse preto dos 700 millóns de euros. A iso hai que sumar máis de 128 millóns de euros orzamentados para que as Comunidades Autónomas desenvolvesen as medidas de políticas activas de emprego que acompañan á axuda. A día de hoxe, descoñecemos con detalle os resultados obtidos e o uso que se fixo destes fondos para a inserción de persoas en desemprego de longa duración.

Ante esta situación, desde UGT chamamos a atención ao Goberno en funcións e lembrámoslle que o Programa de Activación para o Emprego concluirá o vindeiro venres 15 de abril, sen que ata a data fosemos convocados de novo os interlocutores sociais para dar continuidade e ampliar os criterios de acceso ao mesmo.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

INFÓRMATE!

ASINADO O PRIMEIRO CONVENIO ESTATAL DO SECTOR DO METAL

Redacción.- O secretario xeral de MCA-UGT, Carlos Romero, asinou onte o I Convenio Estatal do Sector do Metal, un acordo histórico e unha vella reivindicación desta Federación, que afecta a preto dun millón de traballadores do sector. Xunto a MCA-UGT asinaron tamén o secretario xeral de CCOO de Industria, Agustín Martín, e o presidente da patronal Confemetal, Antonio Garamendi. Ao acto asistiron tamén o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, o secretario de Negociación Colectiva e Saúde Laboral de MCA-UGT, Jesús Ordóñez, e os representantes da Federación na Comisión Negociadora do Convenio, ademais de Ignacio Fernández Toxo, por CCOO.

Na súa intervención, Carlos Romero puxo en valor a firma do convenio estatal, "unha ferramenta que vai darlle máis visibilidade ao sector", por ser asinado nun marco pouco propiciado aos acordos en materia de negociación colectiva, como é a Reforma Laboral aprobada polo Partido Popular, que beneficia a posición empresarial dándolle máis capacidade, e por ser subscrito tanto polos sindicatos como pola patronal do sector, o que dá un



valor engadido á capacidade das partes de chegar a un acordo nun sector como o metal, que é un dos sectores máis importantes para o desenvolvemento económico do país.

Romero, que se mostrou orgullo de asinar un acordo tan complexo e ten posto de acordo a moitas organizacións e organismos dos sindicatos e a patronal, resaltou que o convenio por si só "permite facer sector", é dicir, fortalecer, e ademais, compatibiliza os tres ámbitos de negociación: o estatal, o provincial e o de empresa, distribuíndo as materias entre os tres.

O secretario xeral de MCA-UGT sinalou tamén a importancia que lle dá o convenio á

prevención de riscos laborais nun sector no que se seguen producindo diariamente accidentes no traballo que, nalgúns casos, provocan a morte do traballador ou a traballadora.

Romero subliñou tamén a capacidade que outorga o convenio ao sector para resolver os conflitos de maneira autónoma e vai a axilizar os procesos de negociación e os conflitos que se poidan producir.

O secretario xeral de MCA-UGT tivo palabras de recoñecemento ao labor desenvolvido polo compañeiro José Manuel Suárez, que estivo moitos anos tentando alcanzar este acordo, e tamén para os membros do Gabinete Técnico de MCA-UGT.

APOIO DO SINDICATO ÁS FOLGAS EDUCATIVAS DO 13 E 14 DE ABRIL

Redacción.- FETE-UGT deu o seu apoio ás mobilizacións que se desenvolveron no ámbito educativo esta semana, entre as que se inclúen as folgas estudiantís convocadas para os días 13 e 14 e que tiveron carácter estatal pola convocatoria do Sindicato de Estudiantes, mediante as que se esixen a derogación da LOMCE e a contrarreforma universitaria que puxo en marcha o modelo 3+2.

Nos últimos anos a sociedade foi vítima de ataques aos nosos dereitos máis básicos, entre os cales se atopa o dereito á educación. Fronte a este ataque, a comunidade educativa realizou diversas mobilizacións e folgas, enchendo as rúas en multitude de ocasións defendendo a educación pública.

Catro anos de nefastas políticas saldáronse cun resultado electoral que castigou o labor dun Goberno que quedou en minoría no novo Parlamento, véndose imposibilitado de renovar o seu mandato na presente lexislatura. Se antes gobernaba en solitario por decisión propia, agora está illado como resultado do voto

expresado pola cidadanía.

Aínda así, en tanto que se dilucida a conformación dun novo Goberno, o que segue aínda en funcións empéñase en manter as súas contrarreformas da pasada lexislatura, a LOMCE e o modelo 3+2, todo iso imposto coa súa anterior maioría absoluta, desprezando mentres tanto de novo ao Parlamento, ao que se nega a dar explicacións dos seus actos, e continuando coa aplicación dunhas políticas que tentaron esnaquizar todos os dereitos sociais. Queren custe o que custe que as cousas non cambien, aínda que a nosa sociedade esixise nas urnas que o fagan de forma inmediata.

Por iso, as organizacións estudiantís mobilizáronse esta semana, convocadas polo Sindicato de Estudiantes, xunto con outras organizacións de estudantes en diversas Comunidades Autónomas.

A Plataforma Estatal pola Escola Pública, compartindo todo o anterior, apoiou estas mobilizacións.

Improvisación e falta de seguridade nas estacións de ADIF do eixo Atlántico

Redacción.- De todos é coñecida a situación de alerta decretada polo Ministerio do Interior en todo o territorio nacional e, en especial, na cidade de Santiago de Compostela, onde ao decretarse a "Alerta 4", ampliáanse os efectivos policiais e extrémanse as medidas de seguridade xa de por si existentes. Certo é que a seguridade ao cen por cento é imposible de conseguir pero tamén é certo que tanto as administracións como as empresas privadas de transporte están obrigadas a garantir a maior seguridade posible.

FES non entende que a empresa ADIF na última década incida nos recortes en materia de seguridade no chamado "Eixo Atlántico de Alta Velocidade" (estacións de A Coruña, Santiago, Vilagarcía, Pontevedra e Vigo), deixando á súa sorte o que poida ocorrer nos seus trens ao non poder realizar cunhas mínimas garantías o control dos viaxeiros que acceden aos mesmos.

Así, hai seguridade mínima en todas elas e en dúas a situación aínda é máis precaria. Arousa está sen seguridade de ningún tipo e en Pontevedra permítense o luxo de reducir a quenda de mañá de seguridade.

Bombeiros galegos protestarán o 18 contra Baltar pola súa rotunda negativa a facer públicos parques privados

Redacción.- Bombeiros de toda Galicia manifestaranse o vindeiro día 18 de abril en Ourense contra o rexeitamento do presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, a rescatar as concesionarias privadas dos parques provinciais para facelos públicos.

Os presidentes das deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra si amosaron a súa vontade para o rescate de concesións, a pesar dos “condicionantes” que está poñendo a Xunta de Galicia.

Fronte a isto, o presidente da Deputación de Ourense manifesta a súa intención de continuar adiante cun modelo de xestión privada.

Dende FSP insístese en que a xestión indirecta influé tanto na seguridade dos traballadores como dos cidadáns, xa que



leva consigo falta de persoal mentras se inviste, sen embargo, en medios materiais sobredimensionados, chegando a ter máis vehículos que persoal na quenda.

Cunha xestión directa podería aforrarse un 30 por cento. Os parques estarían exentos de aboar o 21 por cento de IVE ao que se lle suma o 10 por cento de beneficios da empresa.



UGT gaña as eleccións no Parador de Turismo de Santo Estevo

Redacción.- UGT gañou as eleccións parciais, celebradas no Parador de Turismo de Santo Estevo, ao obter 3 dos 4 delegados en xogo. O resultado obtido é importante, ao ser este un parador no que UGT non tiñamos representación.

SMC quere, por iso, e facéndonos eco do sentir de todos os compañeiros e compañeiras de UGT na Rede de Paradores, felicitar aos compañeiros de Santo Estevo, polo resultado obtido.

Unha vez máis, e esperamos que non a última, quedou demostrado que o traballo serio e responsable, a constancia e o proceder sempre coa verdade por diante deron os seus froitos e así o entenderon os traballadores e traballadoras do Parador de Santo Estevo confiando nos nosos compañeiros para que representen e defendan os seus dereitos e intereses os próximos anos.

Indulto para Carlos e Serafín

Redacción.- Un xoves máis, centos de persoas concentráronse en Vigo para demandar unha solución xa á situación de Carlos e Serafín.

Solución que pasa pola aplicación dun indulto xa para os dous traballadores que o único que fixeron foi defender os intereses laborais dos traballadores do sector do transporte na provincia de Pontevedra durante unha folga.



A denuncia de UGT provoca unha visita da Inspección de Traballo aos xulgados da Coruña

Redacción.- UGT-Xustiza leva máis dun mes denunciando os problemas existentes co edificio xudicial emprazado na Rúa Monforte, A Coruña, filtracións de auga ou desprendementos reiterados de lousas de mármore. Problemas todos eles achacables ao deficiente mantemento do edificio por parte da Consellería de Xustiza, dada a antigüidade do mesmo.

O Sindicato presentou un escrito ante a Dirección xeral de Xustiza o 2 de marzo de 2016 onde solicitaba a convocatoria urxente dunha mesa de saúde laboral para adoptar as medidas oportunas en canto ás obras necesarias de mantemento e a seguridade dos usuarios e funcionarios durante a realización das mesmas.

A Consellería de Xustiza, neste tempo, o único que fixo é prohibir utilizar as escaleiras onde se produciron os desprendementos, inutilizando unhas escaleiras e deixando unha única vía de acceso que son os ascensores.

Ante esta situación, e visto que non se convoca a mesa de saúde laboral, UGT procedeu a presentar unha denuncia ante Inspección de Traballo. Como consecuencia desta, esta semana prodúcese unha visita do inspector de Traballo ao edificio xudicial, acompañado do delegado de UGT. Quen, tras examinar o edificio e tomar nota das deficiencias denunciadas, segundo comunica a UGT, comprométese a convocar unha reunión coa Dirección xeral de Xustiza e UGT para analizar

a situación e que as partes presenten as alegacións oportunas.

Neste mesmo contexto, e para evidenciar a desidia existente con esta problemática, FSP-UGT-Xustiza informa que o pasado 8 de abril tivo lugar unha reunión dunha representación de UGT cola delegada de Xustiza en A Coruña e na mesma se lle preguntou por esta problemática ao que respondeu que non tiña coñecemento, de forma oficial, de que existise ningún problema dos reseñados no edificio xudicial da cidade herculina. UGT-Xustiza se pregunta como é posible isto cuando, como xa se detallou, o Sindicato presentou un escrito á Xunta xa a comezos de marzo.